

CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés



Programación Xeral Anual

2020-2021

Datos Xerais 2

Plan Anual 3

Obxectivos específicos para este curso, medidas a desenvolver e recursos previstos.

Modificacións do PE.

Xornada escolar e horario do centro.

Estrutura organizativa.

Esquema de traballo_Proxecto 2050 10

Aspectos Pedagóxicos 11

Cadro de organización pedagóxica

Plan de actuación dos órganos colexiados.

Plan de actuación do equipo directivo.

Quendas de vixilancia dos recreos.

Programa e calendario de reunións dos órganos de coordinación docente.

Libros de texto e materiais curriculares.

Criterios xerais con sobre o uso das tarefas extraescolares.

Plans Específicos 14

Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Plan Anual de Lectura.

Plan TIC.

Addenda do proxecto lingüístico.

Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares.

Concreción anual do Plan de convivencia.

Addenda do Plan de Igualdade.

Plan anual do proxecto plurilingüe.

Plan Anual de mellora do centro (Contratos programa)

Plan Específico como consecuencia da avaliación individualizada.

Plan Anual de Formación.

Programas de Innovación Educativa.

Horario do Persoal non Docente.

Plan de utilización das instalacións do centro.

Plan de actividades propostas pola ANPA.

Plan xeral de avaliación do centro.

Datos Xerais

O CEIPP do Camiño Inglés conta este curso con 12 unidades, co alumnado distribuído do seguinte xeito:

Educación Infantil			Educación Primaria								
4º EI	5º EI	6º EI	1ºA	2ºA	3ºA	3ºB	4ºA	4ºB	5º	6ºA	6ºB
18	16	25	25	25	19	18	14	13	24	13	13
59			164								
223											

Traballan no centro 20 profesores/as, tres deles compartidos/as con outros centros (unha mestra de inglés, unha mestra de relixión, e o orientador/A.L.). Durante este curso non contamos cunha profesional de AL a tempo completo, situación que desexamos non se manteña en vindeiros cursos, xa que as necesidades do centro son moi importantes. Tamén contamos cun conserxe e unha cuidadora. Solicitaremos a nosa participación no programa ARCO e polo tanto esperamos ter unha mestra de apoio para os cursos de 4º, 5º e 6º de EP.

Contaremos tamén cun auxiliar de conversa estadounidense que repite este curso.

En canto ás instalacións e equipamentos, quedan asuntos importantes aínda por resolver e dos que desexamos a máis pronta solución:

- ✓ Facer as comprobacións necesarias e utilizar o sistema de calefacción do ximnasio.
- ✓ Dar un amaño definitivo aos problemas das humidades en distintos puntos do edificio.
- ✓ Contar cun almacén externo que poida albergar o mobiliario que non está en uso na actualidade.

Plan Anual

Obxectivos específicos para este curso, medidas a desenvolver e recursos previstos.

A. Desenvolver todas as medidas relacionadas coa Covid-19.

Debemos centrar todos os esforzos, especialmente no comezo de curso, en poñer en funcionamento e divulgar para os seu coñecemento, os tres plans específicos para afrontar a pandemia: Plan de Adaptación, Plan de Continxencia e Plan de Acolliada.

B. Posta en marcha do Plan de Igualdade.

Unha vez aprobado este plan o curso pasado debemos facer un esforzo este curso para comezar a desenvolvelo. Nomearemos unha responsable en igualdade para o centro. Analizaremos cal é a situación real en canto ás actitudes da nosa comunidade. Relacionaremos este tema co proxecto común do curso, intentando facer proxeccións e propostas neste ámbito.

C. Desenvolver a incorporación do centro no programa Erasmus +.

Para este curso temos varios retos neste campo:

- Rematar o proxecto KA229 coa presentación da memoria e a documentación precisa.
- Integrar ao alumnado e profesorado de todos os grupos nas actividades Erasmus+.
- Solicitar un novo proxecto KA229 se as circunstancias o permiten e iniciar a colaboración cos novos socios.
- Solicitar un novo proxecto KA101 segundo as necesidades do profesorado para os vindeiros dous cursos.
- Desenvolver o proxecto KA101 coas dificultades derivadas da situación actual.
- Rematar a nosa participación no proxecto KA101 coordinado polo CAFI.
- Manter actualizada a información relevante a amosar destes proxectos.

D. Desenvolver a incorporación do grupo de 5º de EP en Edixgal.

Facer un especial seguimento da implantación deste Plan, atendendo ás dificultades que puideran aparecer.

E. Avanzar na nova proposta de organización docente.

Desenvolver a organización do profesorado en catro grupos segundo as nosas liñas de identidade e atender á correcta distribución de tarefas. Búscase que o traballo en equipo enriqueza as propostas e permita baixar a carga de traballo do conxunto.

F. Mellorar a formación en novas tecnoloxías da nosa comunidade.

No ámbito formativo centrarémonos en mellorar os coñecementos que permitan integrar mellor o uso da AV nas propostas educativas que presente o profesorado. E, da mesma maneira, que o alumnado e as familias enriquezan o seu coñecemento de ferramentas tecnolóxicas e o seu uso para a aprendizaxe.

G. Desenvolver un proxecto común relacionado coa construción dun futuro mellor en varios ámbitos: ecolóxico, social, cultural, de igualdade...

Denominámolo Proxecto 2050. Trátase de a partires da situación actual, imaxinar como será a nosa sociedade dentro de 30 anos e facer propostas de mellora no noso ámbito máis cercano. Isto nos permitirá artellar o conxunto de actividades do centro arredor dun proxecto que une moitas das liñas de identidade do colexio.

H. Desenvolver os distintos programas nos que participa o centro.

Seguir consolidando as liñas de traballo iniciadas e modificar aquelas que consideramos que deben selo: ARCO, Radio Ü, Escola de familias, Obradoiro de cineclube, Axenda escolar, Digicraft, Grupo de Sendeirismo... Por outro lado, desenvolver os programas Proxecta solicitados e que se concedan: Aliméntate ben, Proxecto deportivo de centro, Proxecto Ríos. Asemade, continuaremos co programa Voz Natura, relacionado coa Ecotropa e a Horta escolar. Solicitaremos a participación nun programa novo: Biblioteca Creativa.

Continuar desenvolvendo a incorporación do centro no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares. Seguiremos co Programa Edixgal en 6º de EP.

I. Poñer en práctica o Plan de Autoprotección.

A avaliación e mellora nestes ámbitos suporán cambios significativos e estables na vida escolar. Así as medidas e os recursos para a súa consecución serán:

- Establecer equipos de traballo que baixo as premisas de autonomía e responsabilidade e unha boa coordinación, dinamicen cada un dos aspectos sinalados.
- Facer unha boa planificación de todas actividades e medidas e facelas públicas e compartidas.
- Informar ás familias e ao alumnado do funcionamento destes Plans.
- Reflexión, avaliación e propostas por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Outras que poidan ir aparecendo.

Modificacións do PE

Incorpóranse os tres relacionados coa problemática Covid: Plan de Adaptación, Plan de Continxencia e Plan de Acollida.

Xornada escolar e horario do centro

A xornada escolar mantense con respecto a cursos anteriores de 9:15 a 14:15. Se ben as entradas e saídas adáptanse á situación actual polo que o alumnado de primaria pode acceder ao centro a partires das 9:05 e a saída de infantil comeza ás 14:05.

A xornada queda do seguinte xeito:

1ª 09:15 a 10

2ª 10 a 10:45

3ª 10:45 a 11:35

Recreo/Hora de ler

1ª quenda: 11:35 a 12:05; de 12:05 a 12:35

2ª quenda: 11:35 a 12:10; de 12:10 a 12:40

4ª 12:35/12:40 a 13:25

5ª 13:25 a 14:15

Horarios de grupos e alumnado

Criterios para a elaboración de horarios.

- As plásticas impartiranse en inglés.
- Establécese no horario un período lectivo na aula de informática para un achegamento ás novas tecnoloxías e a participación no programa Digicraft.
- Impartirase a Libre Configuración (Francés) en 6º de EP e engadirase unha hora máis de apoio e reforzo en 4º EP. Esta materia será impartida por profesorado coa titulación necesaria en 6º de EP.
- O profesorado completará horario ata un número que permita atender as gardas, con apoios nos grupos que estableza o Departamento de Orientación, especialmente 4º de EI e 1º de EP durante o primeiro trimestre.
- Haberá un reparto equitativo de horas lectivas entre o profesorado.
- Establecerase dispoñibilidade horaria para as coordinacións dos equipos e para o equipo directivo.
- Darase horario suficiente para o equipo de biblioteca.
- Programa de titorías. Intentarase que os titores/as poidan ter unha hora no horario de mañá sen gardas para completar a atención á titoría.
- Posibilidade de que o alumnado estea coa titora a primeira hora en algúns grupos.
- Posibilidade de reunións do equipo Plurilingüe.
- Facer un reparto equitativo de gardas. As gardas distribuídas en dous grupos para evitar o maior número de contactos de profesorado con todos os grupos.
- A Hora de ler preferentemente impartido polos titores/as. Haberá unha hora de ler en inglés para todos os grupos.
- Facer unha correcta distribución de espazos. Biblioteca e Ximnasio.
- 1 hora en cada grupo de infantil impartida polos especialistas de música e educación física.
- 2 quendas de recreos.

Condicionantes

- Profesorado de relixión que só pode asistir uns días determinados.
- O profesorado de AL e inglés compartido.
- O auxiliar de conversa.

Horarios

EI 4A				
L	M	ME	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
AP	EF	GL	MÚ	RV
DE	GL	PS	GL	DE
GL	GL	GL	IN	GL
GL	GL	GL	GL	GL

EI 5A				
L	M	ME	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
GL	DE	GL	GL	GL
GL	AP	GL	GL	GL
DE	PS	MÚ	EF	IN
RV	GL	GL	GL	GL

EI 6A				
L	M	ME	X	V
GL	GL	GL	GL	GL
GL	GL	GL	AP	IN
GL	MÚ	GL	PS	GL
EF	GL	DE	DE	RV
GL	GL	GL	GL	GL

EP 1ªA				
L	M	ME	X	V
MT	MT	MT	MT	RV
EF	LC	DC	LC	MÚ
LC	LG	PL	LG	IN
CS	CN	CS	CN	LC
LG	EF	LG	IN	MT

EP 2ªA				
L	M	ME	X	V
MT	MT	MT	MT	IN
LC	LG	LC	LG	EF
RV	DC	MÚ	LC	MT
CS	CN	RV	PL	LG
IN	LC	CS	EF	CN

EP 3ªA				
L	M	ME	X	V
MT	LG	IN	LC	EF
CN	MT	EF	MT	LG
IN	CS	RV	MÚ	IN
PL	LC	LG	CS	MT
LG	CN	LC	DC	LC

EP 3ªB				
L	M	ME	X	V
MT	MT	LG	MT	IN
LC	MÚ	CS	CN	LC
EF	CN	IN	LG	MT
LG	LC	LC	PL	LG
DC	IN	RV	CS	EF

EP 4ªA				
L	M	ME	X	V
LC	IN	LG	MT	LC
VR	PL	MT	LC	IN
CN	LG	DC	CN	MÚ
MT	MT	EF	LG	EF
IN	LC	CS	CS	LG

EP 4ªB				
L	M	ME	X	V
EF	MT	MT	IN	LG
IN	LG	MÚ	EF	LC
LC	IN	LC	LG	RV
PL	CN	CS	MT	MT
CS	DC	LG	LC	CN

EP 5ªA				
L	M	ME	X	V
MÚ	MT	CN	EF	CN
LG	LC	RV	LG	LC
MT	EF	LC	MT	LG
IN	PL	MT	IN	MT
CS	LG	IN	CS	DC

EP 6ªA				
L	M	ME	X	V
MT	MT	RV	LC	MT
LC	IN	MT	IN	LG
LG	PL	LG	FR	EF
MÚ	CS	CN	MT	IN
EF	CN	LC	DC	CS

EP 6ªB				
L	M	ME	X	V
IN	EF	FR	PL	DC
MT	MT	MT	MT	MT
LG	CS	LG	CS	LG
LC	LC	IN	LC	CN
RV	CN	EF	IN	MÚ

Horario non lectivo do profesorado

O profesorado permanecerá no centro os luns de 16 a 18:00 horas. As outras tres horas semanais de permanencia no centro, de computo mensual pola dirección do centro, dedicaranse as actividades relacionadas no Art. 6 da Orde de 23 e xuño de 2011 (DOG do 30 de xuño), especialmente a sesións de avaliación, participación en reunións de órganos colexiados e de coordinación didáctica, reunións para a elaboración ou modificación de documentos e actividades de formación do profesorado que teñan lugar no centro educativo. Durante este curso desenvolvemos o Plan de Formación do Centro denominado: CEIPP do Camiño Inglés_Un proxecto común. Coa participación de todo o profesorado do centro.

Avaliacións

Avaliación inicial: 5 de outubro.

- 1ª avaliación: 21 de decembro.

Entrega de notas: 22 de decembro.

- 2ª avaliación: 22 de marzo.

Entrega de notas: 26 de marzo.

- 3ª avaliación: 14 de xuño.

Entrega de notas: 22 de xuño.

Xornadas relevantes

Magosto->30/10. Nadal->22/12. Entroido->12/2. Semana de teatro-> do 22 ao 26 de marzo Fin de curso ->22/6.

Proposta de días non lectivos

16/9, 14/5

Instalacións do centro

O Concello de Oroso e a ANPA Carboeiro utilizarán as instalacións do centro para a realización de varias actividades en horario extraescolar segundo o horario que se inclúe posteriormente.

Horario da biblioteca

Reservarase unha hora de biblioteca para cada grupo. Poderase utilizar en calquera outro horario acompañados/as polo profesor/a que corresponda.

Comedor

O Centro ofrece un servizo de comedor de xestión indirecta xestionado polo Concello de Oroso. Durante este curso hai unha capacidade de 100 alumnos/as. Este servizo utilizará as instalacións do centro dende as 14:15 horas ata as 16 horas.

Estrutura organizativa

Equipo directivo

Director_Francisco Ávila Sánchez

Xefe de Estudos_Xosé Antonio Soto Bello

Secretaria_M^a del Carmen Regueiro Sexto

Consello Escolar

Equipo Directivo

Representantes do profesorado:

Rosa M^a Raviña Díaz (Comisión económica)

Gloria Martínez Vidal (Comisión de convivencia)

Teresa Alejandro Caneda

Iria Belén Sánchez Quintáns

Representantes das familias:

Soledad García Mirás (Comisión Económica)

Eva Cortizo Meijome (Comisión de Convivencia)

Elisa Castiñeira Lires

María Requejo Guillén

Representante ANPA Carboeiro:

M^a Yolanda Gontán Fernández

Representante administración e servizos:

Fernando Segade Roca




Representante Municipal:

Isabel Fernández Gallego

Claustro

Todo o profesorado.

Esquema de traballo_Proxecto 2050



CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés

2020 2021

Actividade	CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés	2020	2021
		SEPTEMBRO	
		OCTUBRO	<p>OBJECTIVOS</p> <p>Facer propostas de futuro relacionadas con todos os ámbitos, especialmente unidas a nosa contorna máis próxima.</p>
Historia 1 minuto			
		NOVEMBRO	<p>POSIBLES ACCIÓNS</p> <p>Re motor o posto en marcha do museo de tal xeito que untródica o futuro.</p> <p>Facer propostas para o futuro do noso oulo en múltiples ámbitos.</p> <p>Facer do Padlet unha assemblea xeral por o lado unho dos postost.</p> <p>Facer un deseño de do ambiente do posto de obaixo.</p> <p>Facer un padlet con todos os traballos que se unon facendo.</p> <p>Colocar no hall un recuncho sobre o tema.</p> <p>Integrar nos notas o logo do proxecto.</p>
MAGOSTO 30	III Concurso escolar do Mesgosto		
Corcira			
Peóns			
Certame contos			
terror			
		DECEMBRO	
Semana de xadrez			
		XANEIRO	
III certame de entrevistas			
		FEBRERO	
NADAL 22	Nadal		
Amigo invisible			
Intercambio de postais			
Cotillon			
		MARZO	
DÍA ESCOLAR POLA PAZ 29	Recollida de alimentos		
		ABRIL	
Certame de cartas de amor			
Candelorio			
		MAYO	
ENTRAIDO 12	Montado de desfilas		
DÍA DE ROSALÍA 24	Recollida		
Ruta Rosaliana			
		JUNIO	
SEMANA DA PRENSA 8	Pedidos de libros		
SEMANA DE TEATRO 22	Unha semana solidaria de teatro		
		JULIO	
		AUGUSTO	
DÍA DO LIBRO 23	Recollida de libros		
		SEPTIEMBRE	
LETRAS GALEGAS 13			
		OCTUBRE	
REVIISTA 18	Carbo escolar n.º 7		
DÍA DA BICICLETA 21	Paseo por Espiñeiro		
FIN DE CURSO 22	Graduación, bocato xigante, descenso		



Outros:
Protocolo Covid-19
Eliminación dos restos en papel.
Unión dos plásticos nos merendas.

Aspectos Pedagógicos

Cadro de organización pedagóxica

Alejandro Caneda, Teresa	2º EP	Coord. Voz Natura
Ávila Sánchez, Francisco	6ºB EP	Dirección
Barral Fernández, Lorena	Música	Coordinadora EDNL
Basteiro Estévez, Cristina	5º EP	
Camíña Baltar, Ana	Inglés	
Fontela López, Olalla	4ºB EP	
Garrido Raña, María	1º EP	
López Cacheda, María	Inglés	Coord. Plurilingüe
Marcos Echevarría, María Aránzazu	Relixión	
Martínez Vidal, Gloria	PT	Coord. Act. Complement.
Pazos Saínza, Diego	Orientación/AL	Xef. Dep. Orientación
Pichel Beleiro, Iria	3ºA EP Francés	Coord. Formación
Raviña Díaz, Rosa María	4º EI	
Raviña López, Álvaro	EF	
Regueiro Sexto, María del Carmen	5º EI	Secretaría
Sambade Vara, Francisco	6º EI	
Sánchez Quintáns, Iria Belén	Apoio EI	Coord Biblioteca/Coord EI
Seoane Lens, Alicia	4ºA EP	
Soto Bello, Xosé Antonio	6ºA EP	Xefatura de estudos
Varela Landeira, María Isabel	3ºB EP	Digicraft

Plan de actuación dos órganos colexiados

O Consello Escolar e o Claustro do Profesorado reuniranse de maneira ordinaria alomenos, unha vez por trimestre, especialmente ao principio e ao final de curso; e de maneira extraordinaria cantas veces sexa necesario. Buscaremos nestas sesións combinar a axilidade na toma de decisións e a participación de todos/as dentro das súas responsabilidades. Deste xeito procurárase que a información necesaria estea a disposición dos membros destes órganos co maior tempo de antelación posible.

CEIP Plurilingüe do Camiño Inglés

CALENDARIO DE REUNIÓNS 2020_2021

setembro				
L	M	M	X	V
	1	2	3	4
7	8	9	10	11
14	15	16	17	18
21	22	23	24	25
28	29	30		

outubro				
L	M	M	X	V
			1	2
5	6	7	8	9
12	13	14	15	16
19	20	21	22	23
26	27	28	29	30

novembro				
L	M	M	X	V
2	3	4	5	6
9	10	11	12	13
16	17	18	19	20
23	24	25	26	27
30				

decembro				
L	M	M	X	V
	1	2	3	4
7	8	9	10	11
14	15	16	17	18
21	22	23	24	25
28	29	30	31	

xaneiro				
L	M	M	X	V
				1
4	5	6	7	8
11	12	13	14	15
18	19	20	21	22
25	26	27	28	29

febreiro				
L	M	M	X	V
1	2	3	4	5
8	9	10	11	12
15	16	17	18	19
22	23	24	25	26

marzo				
L	M	M	X	V
1	2	3	4	5
8	9	10	11	12
15	16	17	18	19
22	23	24	25	26
29	30	31		

abril				
L	M	M	X	V
			1	2
5	6	7	8	9
12	13	14	15	16
19	20	21	22	23
26	27	28	29	30

maio				
L	M	M	X	V
3	4	5	6	7
10	11	12	13	14
17	18	19	20	21
24	25	26	27	28
31				

xuño				
L	M	M	X	V
	1	2	3	4
7	8	9	10	11
14	15	16	17	18
21	22	23	24	25
28	29	30		

	EQUIPOS
	CLAUSTRO/CONSELLO
	CCP
	AVALIACIÓN

1º avaliación: 21 decembro

Notas: 22 decembro

2º avaliación: 22 marzo

Notas: 26 marzo

3º avaliación: 14 xuño

Notas: 22 xuño

Avaliación inicial: 5 outubro

Plan de actuación do equipo directivo

Actuará de maneira coordinada coa intención de impulsar o cumprimento dos obxectivos propostos e o bo funcionamento do centro.

Quendas de vixilancia dos recreos

Segundo o número e características do noso alumnado e dada a situación actual, necesítanse 10 mestres/as para a vixilancia dos patios que serán organizados en dúas quendas por parte do xefe de estudos, de tal xeito que o alumnado estea correctamente atendido. Para isto, dispórase dos patios exteriores e interiores.

Programa e calendario de reunións dos órganos de coordinación docente

Reuniranse de maneira ordinaria unha vez ao mes sempre que sexan convocados polo seu coordinador/a, e de maneira extraordinaria sempre que sexa necesario.

No Departamento de Orientación estará integrado, como representante do profesorado, o Xefe de Estudos e a mestra de Pedagogía Terapéutica.

Libros de texto e materiais curriculares

As listaxes de libros de texto achéganse ao final deste documento.

Criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares

O centro considera que o seu uso pode fomentar a responsabilidade e a autonomía do alumnado sempre que:

- Sexan actividades relacionadas co desenvolvemento das competencias clave e que sirvan para adaptarse aos distintos ritmos e procesos de aprendizaxe.
- Sexan axeitadas a cada nivel educativo e a idade dos nenos/as.
- Permitan a adecuada conciliación familiar.

Plans Específicos

Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade

Este Departamento comezou o seu funcionamento no curso 2014/15, conxuntamente coa creación do **CEIP do Camiño Inglés**, por desagregación do CEIP de Sigüeiro.

1.- Composición

No actual curso 2020/21 está constituído polos seguintes membros:

- Gloria Martínez Vidal (Especialista en Pedagogía Terapéutica);
- Xosé Soto Bello (Xefe de Estudos);
- Diego Pazos Saínza (Xefe Dpto.), que no presente curso realizará as funcións da Especialista en

Audición e Linguaxe.

Polas necesidades organizativas do centro, acordouse establecer unha reunión periódica os luns de 16:00 a 17:00 horas.

2.- Orientación compartida

O orientador ten o seu centro base no CEIP do Camiño Inglés onde exerce a Xefatura do Departamento de Orientación compartida co CRA de Oroso. Ademais, ao ser unha praza afín, realizará parte do seu horario como mestre Especialista de Audición e Linguaxe no noso centro, así como no CEIP de Sigüeiro. Aínda que o horario é flexible en función de necesidades puntuais que xurdan, mantense o seguinte:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CEIPP do Camiño Inglés	CEIPP do Camiño Inglés	CEIPP de Sigüeiro	CEIPP do Camiño Inglés	CEIPP do Camiño Inglés

3.- Necesidades

A finais do curso 2019/20 realizouse unha previsión de necesidades para o actual, a fin de determinar a dotación de persoal especialista e coidador. Na relación de alumnado figuraban 13 alumnos/as que requirían atención de Pedagogía Terapéutica 13 e 13 alumnos/as de Audición e Linguaxe.

Contando só con 1 especialista en Pedagogía Terapéutica e a Xefatura do D.O afín con de Audición e Linguaxe é necesario que o centro conte con unha persoa especiliasta en audición e linguaxe a tempo completo, tendo en conta, ademais, a imposibilidade de relizar agrupamentos de alumnado de diferentes clases para non rachar cos grupos burbulla. Polo tanto, neste curso, houbo que reorganizar a atención ó alumnado, reducindo sesións, e priorizando os casos máis graves.

ETAPA	NIVEL	ALUMNOS/AS CON NEAE / NEE	PT	AL	ATE	
EI	4º	1 con dificultades linguaxe		0		
	5º	1 con dificultades significativas da linguaxe	x	x		
		1 con TEL			0	
		10 con dificultades linguaxe			0	
	6º	4 con dislalias			0	
		1 con trastorno xeral do desenvolvemento	x	x	x	
		2 con retraso madurativo	x	x		
2 con baixo rendemento		x				
EP	1º	1 con TEA e dificultades de linguaxe	x	x	x	
		6 con dificultades de aprendizaxe e lectoescrita	x			
		2 de outras etnias con dificultades de linguaxe	x	0		
		4 con dislalias e outras dificultades		0		
	2º	1 con mutismo electivo, hipoacusia e dislalias			x	
		8 con dislalias funcionais e outras dificultades			0	
		1 dificultades de comprensión e dislalias			x	
	3º	5 con Dislalia/disglosia			0	
		1 Compatible TDAH	0	x		
	4º	1 con TEL e desfase curricular	x	x		
		3 con reforzo educativo en lingua e matemáticas	x			
		1 con dislexia e desfase curricular			x	
		1 con TDAH e trastorno da conduta desafiante			0	
	5º	1 con TXD e ACS	x	x	x	
		2 con dislexia	0			
		1 con dificultades específicas de aprendizaxe: comprensión	0			
6º	1 con dificultades específicas de aprendizaxe: comprensión	0				
	1 Trastorno da conduta	0				
	1 TELº	0	0			

X= Reciben atención; 0= Non reciben atención

4.- Criterio para a organización e distribución dos recursos

A Xefatura do Departamento de Orientación xunto co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe ,establecerán os horarios de atención do alumnado con NEAE ou NEE así como a modalidade de apoio. Esta proposta de atención presentárase ao profesorado para o seu coñecemento e consideración. Os criterios prioritarios a tomar en conta serán os seguintes:

- Atenderase aquel alumnado que así o aconselle o correspondente informe psicopedagóxico emitido polo Departamento de Orientación do centro co asesoramento, de ser o caso, do Equipo de Orientación Específico.
- Priorizarase a atención do alumnado con Adaptación curricular.
- Continuarase cos apoios iniciados en cursos pasados.
- En Educación infantil a intervención centrarase nos casos máis graves, ou nos que así o recomende o Informe Psicopedagóxico correspondente.
- Atenderase en primer lugar aquel alumnado con RE que repetira curso.
- O apoio, e seguindo a necesidade de respectar os grupos de convivencia estable, serán prioritariamente fóra da aula ordinaria, sen prexuízo de poder realizar apoios tamén dentro da aula.

5.- Liñas prioritarias de actuación do Departamento de orientación

- 1) Actuacións dirixidas a identificación das necesidades educativas ocasionadas pola situación de pandemia, e posta en marcha das medidas oportunas.
- 2) Atención específica ao coidade e benestar emocional da comunidade educativa.
- 3) Concreción das medidas previstas no Plan de Igualdade aprobado o curso pasado.
- 4) Coordinación cos servizos externos que atenden ao noso alumnado.

6.- Atención do D.O. en caso de ensino non presencial

1. Identificación, en coordinación coas titoras, daquel alumnado que máis dificultade para seguir a docencia telemática.
2. Asesoramento pedagóxico aos docentes para axustar a súa práctica educativa telemática na atención a diversidade.
3. Atención directa do alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade mediante videoconferencias, envío de material específico ou aqueloutras que se consideren oportunas.
4. Emprego da aula virtual propia do Departamento de orientación para o envío de propostas relacionadas co benestar emocional de toda a comunidade educativa.

Plan Anual de Lectura

1.- FUNDAMENTACIÓN

O proxecto lector será a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura (PAL), un documento a curto prazo, que concreta obxectivos e accións para o desenvolvemento do PLC nun curso escolar concreto, e que estará incluído na Programación Xeral Anual do centro.

O presente Plan anual de lectura pretende conseguir que o alumnado adquira as competencias lingüísticas necesarias para o seu desenvolvemento integral, fomentando o hábito lector desde todas as áreas e niveis de Educación Infantil e Primaria e posibilitando a igualdade educativa.

Utilizaremos como base fundamental os proxectos nos que está inmerso o centro, especialmente no Proxecto 2050. Coa participación no PLAMBE, faremos especial fincapé no coñecemento do noso contorno e de como nos gustaría que fora no futuro a través de diferentes visións. Por iso, este curso o proxecto colaborativo da biblioteca chámase “2050: o mundo que queremos”.

Este curso os departamentos de TICs e Biblioteca están integrados nun mesmo equipo, xa que a radio e as tecnoloxías son un espazo perfecto para fomentar o tratamento da información, a creación e a comprensión.

2.- OBXECTIVOS

- Desenvolver as competencias lectoras.

- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de ocio.
- Dinamizar as bibliotecas de aula e do centro a través de actividades atraentes para toda a comunidade escolar.
- Establecer un programa de formación de usuarios de bibliotecas para que aprendan a desenvolverse autónomamente na busca de información e lecturas.
- Integrar as novas tecnoloxías e a radio como ferramentas de busca de información e de estimulación da creación.
- Diseñar e levar a cabo diferentes actividades relacionadas coa lectura e a creación.
- Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- Adquirir hábitos de respecto e coidado dos recursos bibliográficos.
- Fomentar o pensamento crítico..
- Contribuír a garantir o uso igualitario dos recursos culturais.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade.
- Acadar lectores competentes en todo tipo de textos (literarios, publicitarios, gráficos...) en soporte impreso ou dixital, con todo tipo de finalidades.

3.- ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS PARA A LECTURA.

A Biblioteca dispón dun horario, compartido coa aula de informática, onde están sinalados os tempos e sesións en que cada titoría pode utilizar dito servizo (tanto de préstamo e devolución como para de realización de diversas actividades). Cada titoría dispón dunha hora, compartido o horario con outras especialidades. Este curso, debido á excepcionalidade da situación xenerada pola pandemia da Covid-19, a biblioteca non permanecerá aberta nos horarios dos recreos. Pola contra, cada titor ou titora poderá acceder á biblioteca cando o precise para seleccionar un lote de libros e crear a súa propia biblioteca de aula, coa colaboración dos membros do equipo de biblioteca.

O espazo maker e de recantos de xogo permanecerá pechado para garantir as medidas de seguridade contempladas no Protocolo Covid.

4.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO.

No presente curso continuaremos coa posta en marcha da biblioteca do centro: adquisición de fondos bibliográficos e audiovisuais (tanto en formato físico como dixital), catalogación dos mesmos mediante o programa Meiga, e amoblamento do espazo físico da biblioteca.

Ademais a biblioteca terá un papel fundamental, xa que todas as actividades e proxectos do centro pódense nutrir dela.

Tamén contribuiremos á formación dixital, substituindo algunhas das actividades periódicas de animación á lectura que ata o de agora se realizaban de xeito presencial por outras que se difundirán a través da aula virtual do centro. Para iso, o departamento de biblioteca colaborará estreitamente co departamento de TICs (integrado no

mesmo equipo).

5.- SECCIÓN (BIBLIOTECAS DE AULA OU DEPARTAMENTO).

As bibliotecas de aulas canalizan e comparten moitos propósitos da biblioteca escolar: son unha ferramenta perfecta para apoiar os obxectivos curriculares e un espazo dende o que se motiva, invita e se propoñen actividades relacionadas coa lectura, a escritura e a expresión oral.

Este curso, debido a que a biblioteca do centro non estará dispoñible durante os recreos, as bibliotecas de aula deben estar máis nutridas que nunca, polo que se ampliará o límite de libros que cada mestre pode levar á aula para permitir que os rapaces teñan múltiples opcións para escoller.

Os materiais que podemos ter na biblioteca serán:

- Libros de referencia (dicionarios, enciclopedias, atlas...)
- Libros divulgativos.
- Libros de ficción.
- Xornais e revistas.
- Fotografías, láminas de imaxes,...
- Libros feitos polo alumnado.
- Material audiovisual (CD, DVD)
- Material manipulable e xogos (este curso non estarán ao alcance do alumnado para cumprir coas medidas de seguridade do Protocolo Covid, pero si a disposición do profesorado).

Todo este material débese deixar en corentena de alomenos 4 horas una vez utilizado por un alumno, que debe hixienizar as mans antes e despois do seu uso.

A biblioteca de aula dispón de recursos para o fomento da lectura e a escritura pero non só para traballar dende as áreas das Linguas, senón que será responsabilidade de todos os mestres/as dese grupo de alumnos/as, o desenvolvemento dos obxectivos propostos dende o Plan Anual de Lectura do Centro.

6.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS:

Partimos da dedicación dun tempo diario á lectura comprensiva e/ou aos hábitos lectores, empregando unha metodoloxía activa, participativa e interdisciplinar, con actividades individuais e colectivas na que cada nivel conta coas estratexias de animación á lectura axeitadas. Coa participación de toda a comunidade educativa. Con estratexias de fomento da lectura, de uso da biblioteca, de atención á diversidade, de implicación das familias, etc.

6.1.- ACTIVIDADES NA HORA DE LER

O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9 de xullo de 2007) no seu anexo IV, referente ao "Proxecto Lector" recóllese o seguinte:

"O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas

programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura."

Tendo en conta isto, e desenvolvendo o Proxecto Lector do Centro, establécese un tempo diario de lectura para todo o alumnado. Esta actividade consistirá nunha sesión diaria mínima de 25 minutos dedicada a actividades relacionadas co fomento da lectura.

Neste curso, realízase dúas sesión de lectura, debido a que a organización horaria do centro cambiou debido á situación xerada pola Covid-19. Para 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria as sesións de lectura son de 11:45 a 12:10h, de luns a venres; e para Educación Infantil, 5º e 6º de Educación Primaria de 12:10 á 12:35h de luns a venres.

Promóvese dende o centro a hora de ler en inglés, tanto en infantil como en primaria.

A intención é que todo o alumnado destine un horario prefixado, alomenos de 20 minutos, de lectura ao día.

6.2.- ACTIVIDADES DE LECTURA COMPARTIDA

Tentaremos poñer en marcha no presente curso o Apadriñamento de Lectores que consiste en que un rapaz ou unha rapaza acompaña na lectura a outro ou outra de menor idade, léndolle, contándolle ou xestionando a lectura conxunta dun libro, nun tempo e nun lugar específico organizado pola biblioteca: no patio, na aula, na biblioteca; no recreo, nunha festa especial polo día do Libro ou nun tempo marcado no horario semanal. Tamén poden os pequenos lectores lerlles aos grandes, o que engadirá unha motivación extra ao feito da lectura.

Ademais se potenciará a comunicación intercentros do concello (Gardería, CRA de Oroso, CEIP de Sigüeiro, IES de Oroso e centros de día), propoñendo actividades conxuntas de lectura.

Todo isto, na medida en que que situación xenerada polo Covid-19 o permita.

7.- RECURSOS HUMANOS QUE INTERVEÑEN NAS ACTIVIDADES DE FOMENTO DA LECTURA.

Este curso 2020-2021 o equipo está constituído polo seguinte profesorado, que se encarga da xestión das Novas Tecnoloxías, da Radio Escolar e da Biblioteca:

- Cristina Basteiro Estévez
- Diego Pazos Saínza
- Iria Pichel Beleiro
- Iria Belén Sánchez Quintáns (coordinadora)
- Xosé Manuel Soto Bello
- María Isabel Varela Landeira

As súas funcións son as seguintes:

- Organización.
- Elaboración do Plan anual/Memoria.
- Elaboración de materiais: carnés, boletíns informativos, exposicións, ...

- Formación de usuarios
- Reunións periódicas e toma de decisións a respecto da Biblioteca Escolar.
- Deseño de actividades de uso, dinamización e animación.
- Peticións de materiais e recursos.
- Publicación e divulgación de experiencias e actividades.

Algunhas das funcións específicas da coordinadora do equipo son:

- Analizar a situación e necesidades da Biblioteca.
- Xestionar os recursos materiais e humanos.
- Comunicar e facer circular a información.
- Participar na capacitación do alumnado no uso das fontes de información.
- Ofrecer recursos e oportunidades para a aprendizaxe.
- Promover a lectura como medio de ocio e entretemento.

PROFESORADO.

- Recibe información das actividades programadas. Colabora con elas.
- Dispón dunha ou varias sesións semanais de uso.
- Propón a adquisición de recursos.
- Formaliza préstamos.

Todos os membros da comunidade educativa están implicados neste Plan Anual de Lectura, sendo os titores e titoras os que guían ao alumnado na consecución dos obxectivos propostos.

ALUMNADO.

- Dispón do servizo de préstamo e de lectura..
- Colabora en actividades de animación á lectura.
- Utiliza os diversos recursos da Biblioteca.
- Participa en labores de organización e xestión a través dos equipos de colaboradores.

NAIS/PAIS.

- Reciben información e recomendacións da Biblioteca e de lecturas a través de boletíns, blog da biblioteca, ...
- Colaborarán en actividades puntuais de animación á lectura: lectura de contos, dramatizacións, ...

- Participan activamente en clubs de lectura en familia.

CONSELLO ESCOLAR

- No seo do Consello Escolar está constituída a comisión de Biblioteca, da cal forman parte o coordinador da biblioteca, a representante do Concello de Oroso e unha nai en representación da ANPA.

8.- ITINERARIOS LECTORES.

Tentaremos deseñar uns itinerarios lectores para o noso alumnado, consistirá nunha selección de libros, propostos polo equipo de biblioteca e aprobados polo resto do profesorado. Estes libros serán escollidos pola súa especial relevancia adecuación e prestixio, a selección incluírá obras de narrativa, poesía e teatro. Deberá conter libros escritos en lingua galega, castelá e inglesa.

9.- ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

Entre estas actividades realizaremos as que se poidan en función dos recursos dispoñibles:

- Uso do panel específico da biblioteca para informacións múltiples que se poidan comunicar aos usuarios, do tipo de horarios da biblioteca do centro, concursos que se celebren dende a biblioteca escolar, convocatorias de certames literarios aos que esta comunidade poida acceder, traballos novos que cheguen á biblioteca...
- Proporcionar información sobre como consultar os recursos
- Difundir os recursos que se acaban de adquirir.
- Organizar certames literarios con temas propostos ou libres para favorecer a expresión escrita do alumnado.
- Fomentar actividades de contacontos, dramatizacións,... dos alumnos, das familias, ... para o resto da comunidade escolar.
- Recibir aos autores que nos poidan proporcionar as editoriais (en principio, de xeito telemático).
- Seleccionar coleccións de libros cun tema concreto, relacionados cos proxectos nos que se estea traballando e prestalos ás aulas que o soliciten.
- Acollerémonos ás actividades propostas por outras bibliotecas e institucións, se nos parecen axeitadas.
- Realizaremos o mantemento do catálogo de libros, dos lectores e do resto de recursos a través do programa informático para a xestión das bibliotecas escolares.
- Elaboración e difusión de guías de lectura con variedade de criterios: pedagóxicos, literarios,...
- Promoveremos a circulación de lotes prestados periodicamente ás aulas.
- Utilizaremos os recursos informáticos e internet para a consecución de información.
- Realizar préstamos a alumnos con criterios adecuados aos alumnos concretos, orientando a quen o solicite, pero deixando liberdade de elección.

- Poñer en marcha a “mochila viaxeira” en todos os cursos na que se fará unha selección axeitada e variada que permita achegar ás familias lecturas e materiais diversos para compartir cos/as neno/as. Este curso será indispensable deixar una corentena de 24h mentres que un alumno devolve unha mochila e a leve outro, así como desinfectar o seu contido.

9.1.- PROXECTOS DOCUMENTAIS INTEGRADOS.

Os proxectos documentais integrados (PDI) son actividades nas que o alumnado, ademais de investigar sobre un tema ou problema concreto, familiarízase cos mecanismos de búsqueda de información e traballo intelectual empregando para iso os recursos documentais da Biblioteca Escolar.

Os proxectos documentais integrados son un excelente instrumento para xerar e estimular novas formas de aprender, acordes coa sociedade da información. Son unha forma de traballo que permite transformar a información en coñecemento e coa que a biblioteca escolar se converte no eixe da acción educativa.

Son unha forma de traballo que permite transformar a información en coñecemento e coa que a biblioteca escolar se converte no eixo da acción educativa.

Estableceremos neste curso, un ou varios centros de interese arredor dos cales se desenvolvan os Proxectos Documentais Integrados. Centrarémonos no proxecto que se desenvolverá no centro este curso: Proxecto 2050.

9.2.- PROGRAMAS DE FORMACIÓN DE USUARIOS.

Ao tratarse dunha biblioteca cunha traxectoria curta, é unha tarefa fundamental a formación de usuarios e usuarias, ao longo do curso realizáranse diversas actividades destinadas a acadar por parte dos nosos usuarios, fundamentalmente alumnado e profesorado, un completo aproveitamento dos nosos fondos e servizos. O equipo de biblioteca publicará as oportunas guías ou cartaces, así como se encargará do deseño de actividades de formación.

Nestes últimos cursos, os primeiros días todos os grupos do centro pasaban pola biblioteca para obter información sobre a mesma e quedaba rexistrado na súa axenda. Este curso, debido á situación xenerada polo Covid, só se formará a un pequeno equipo de alumnado de 5º e 6º de Primaria para colaborar no funcionamento da Biblioteca.

9.3.- ACTIVIDADES PUNTUAIS: OBRADOIROS, EXPOSICIÓNS, CONCURSOS, ENCONTROS CON AUTORES, CELEBRACIÓNS...

Ao longo do curso deseñáranse diferentes actividades na biblioteca, ás veces tendo a biblioteca e a literatura como referente, e outras veces como apoio de distintas celebracións, festividades, ...

Co apoio das diferentes editoriais, ao longo do curso agardamos establecer diferentes encontros con autoras/es e ilustradores/as (principalmente de xeito telemático), que nos animarán á lectura e tamén fomentarán o labor literario dos nosos alumnos e alumnas.

10.- LER EN FAMILIA. ACTIVIDADES PARA A IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS.

O ámbito familiar é potencialmente o máis idóneo para xerar o gusto pola lectura nos nenos e nenas, xa que canto antes aprendan a gozar do que supón entrar no mundo máxico dos libros, a aprender a emocionarse con eles, maior será a posibilidade de crear bos lectores ao longo da vida. Ter experiencias gratificantes coa lectura dende pequenos é a maior garantía de crear un bo lector. Se coñecemos as estratexias máis axeitadas para cada idade, teremos máis posibilidades de éxito neste labor. Así, dende moi pequenos, é conveniente converter a lectura nunha rutina diaria, léndolles uns minutos cada día cun contacto persoal directo, deixándolles que agarren ou suxeiten o libro ou mesmo que axuden a pasar as páxinas. A hora de ir para a cama é un momento especialmente apropiado

para ler xuntos, xa que relaxa e crea unha extraordinaria complicidade.

A *MOCHILA VIAXEIRA*: Tentaremos continuar esta experiencia en todos os cursos de primaria. Farase unha selección axeitada e variada que permita achegar ás familias lecturas e materiais diversos para compartir cos/as nenos/as.

11.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Aspectos a avaliar:

- A participación nas actividades relacionadas coa Biblioteca e a lectura en xeral.
- O uso por parte dos alumnas/as e profesorado.
- A adecuación dos horarios.
- A adecuación dos recursos.
- A comunicación do equipo coas titorías.
- A comunicación coas familias.
- Os hábitos de lectura e o respecto ás normas.

Instrumentos de avaliación.

- Observación, por parte de titores/as, profesores/as e equipo de Biblioteca.
- Fichas e cuestionarios. Enquisas. Rexistros.
- Traballos do alumnado.

Plan TIC

O uso das tecnoloxías da comunicación e información debe ser, tal e como se recolle no punto 5 do artigo 111 bis da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, “un medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe”.

Neste sentido, o noso centro está a consolidar un cambio metodolóxico en todos os cursos de cara a mellorar a competencia dixital de todo o alumnado, así como de toda a comunidade educativa. O desenvolvemento de proxectos de aprendizaxe diversos utilizando varios medios tecnolóxicos e creativos están sendo unha peza fundamental para producir esa modificación que consiga o obxectivo de mellora da calidade educativa. Con ese obxectivo en mente e tendo en consideración o momento excepcional actual e as súas consecuencias, ademais da temática específica deste curso, levaranse a cabo as seguintes actuacións:

WEB

- ✗ Seguir mantendo actualizada a web do centro e a presenza do mesmo nas redes sociais (Facebook, Instagram, canle de Youtube e Twitter). Aínda que iso supón unha gran inversión de tempo e constancia, somos conscientes da súa importancia como espazo de comunicación e colaboración con toda a comunidade educativa.

AULA VIRTUAL

- ✗ Poñer ao día a Aula Virtual do Centro e mantela actualizada e con todos os usuarios cargados.

CURRÍCULUM

- ✗ Asignar unha sesión de novas tecnoloxías semanal en horario lectivo para todos os grupos de Infantil e Primaria. Durante este curso prestaremos especial atención ao desenvolvemento do programa Digicraft.
- ✗ Afianzar deste xeito a “alfabetización dixital” de todos e todas os membros do centro.
- ✗ Facer o establecido no Plan de Acollida en canto á formación inicial de toda a comunidade.
- ✗ Programar o uso das ferramentas dixitais en cada secuencia didáctica en todos os cursos.

- ✗ Velar por que as programacións estean adaptadas a posibles situacións de ensino semipresencial ou telemático.
- ✗ Fomentar un espírito crítico coa información obtida, fundamentalmente de Internet.
- ✗ Utilizar as posibilidades do ordenador (e outros medios dixitais do centro) como ferramentas e medio para reforzar ou adquirir coñecementos e habilidades.
- ✗ Incidir no traballo da aula de informática non só como un traballo individual senón un lugar onde poder compartir, traballar en equipo e emprender proxectos.
- ✗ Superar as limitacións de acceso ás novas tecnoloxías derivadas das desigualdades sociais.
- ✗ Realizar proxectos dixitais relacionados coa temática do centro.

ORGANIZACIÓN

- ✗ Elaborar as normas de uso da aula de informática.
- ✗ Establecer o horario de uso da aula de informática.
- ✗ Poñer en práctica o Proxecto de Educación Dixital aprobado.
- ✗ Aproveitar os coñecementos adquiridos o curso anterior polo profesorado e insistir no uso das Tablets da que dispón cada un dos profesores e profesoras para usalas tanto nas reunións conxuntas como na organización diaria da aula a través de aplicacións como o Google Drive ou Additio. Deste xeito tamén incidiremos no aspecto de respecto medioambiental ao intentar reducir a información que se facilite por escrito xa que a idea é procurar que todas as comunicacións sexan vía electrónica.
- ✗ Estender o uso do Abalar móbil a todas as familias.
- ✗ Retomar o Plan Tic para axustalo ás novas competencias do alumnado así como aos novos coñecementos do profesorado, tendo en conta ademais os Proxectos Documentados Integrados.

FORMACIÓN

- ✗ Ampliar os coñecementos adquiridos o curso pasado en canto a aplicacións de xestión de aula tanto para a organización do día a día, como a avaliación ou planificación de clases.
- ✗ Asistencia para o novo profesorado que non asistise á formación do curso pasado. Durante este curso unha das liñas de formación será o uso integrado das TIC's.

RECURSOS

- ✗ Facer propostas de distribución racional de recursos para o centro.
- ✗ Xestionar os problemas técnicos do material informático.

RADIO Û

- ✗ Seguir traballando as competencias lingüísticas do noso alumnado a través desta ferramenta e polo tanto, favorecer o seu uso entre alumnado e profesorado.
- ✗ Colaborar co equipo plurilingüe en emisións relacionadas co Proxecto Erasmus+.
- ✗ Colaborar co equipo de dinamización da lingua na gravación dunhas historias curtas do alumnado para compartir con toda a comunidade educativa

Addenda do proxecto lingüístico

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega atendendo ao proxecto lingüístico de centro e a memoria descritiva e gráfica do proxecto de fomento do galego do curso pasado propón para o curso 2020/21 a seguinte proposta para achegar ao Plan Xeral Anual procurando incluír a toda a comunidade educativa.

A continuación amósanse os **resultados da enquisa** realizada aos pais, nais e titores/as ou representantes legais do alumnado de 4º de Educación Infantil. Teranse en conta de cara obter información respecto da lingua materna predominante, realizando actividades e estratexias de aprendizaxe para que este adquira de forma oral e

Galego_11escrita, o coñecemento das linguas oficiais:

- Castelán_6

Os **obxectivos** que se propoñen son:

1. Fomentar o uso do galego a nivel oral e escrito nas actividades cotiás para ampliar os usos sociais da lingua galega, por parte dos membros da comunidade educativas.
2. Promover o galego como lingua vehicular nas distintas materias.
3. Fomentar o hábito lector en galego en todo tipo de textos: enumerativos, informativos, literarios, expositivos e prescriptivos para mellorar a competencia lingüística do noso alumnado.
4. Dinamizar cara ás institucións e familias unha actitude positiva de valoración e recuperación da lingua galega.
5. Coñecer máis e mellor o noso entorno, comarca e toda Galicia, profundando en personaxes ilustres, escritores e escritoras, festas tradicionais e demais temáticas próximas da cultura e a historia de Galicia.
6. Valorar, dende o achegamento con respecto ao seu coñecemento, a diversidade cultural e lingüística da comunidade escolar como fonte de enriquecemento persoal e colectivo.
7. Incentivar entre o profesorado e alumnado o uso de materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes, que posibiliten un incremento da utilización da lingua galega, con atención especial a todos aqueles relacionados coas TIC.

Entre as propostas do equipo recóllense unha serie de **actividades** para a promoción e dinamización da lingua galega como:

- Elaboración do proxecto de fomento de galego para obter axudas económicas para levar a cabo as actividades de dinamización.
- Publicación da **7ª revista escolar “Carboeiro Escolar”** onde se recollen e difunden as actividades realizadas ao longo de todo o curso. Na súa elaboración participa todo o profesorado do centro, alumnado e ANPA. A impresión en papel dependerá das achegas económicas que se consigan no proxecto de fomento. Se non fose viable a edición en papel farase exclusivamente en formato dixital.
- Edición do **6º número do xornal “Pegadas no Camiño”**. A longo do curso trabállase os contidos e noticias da prensa escolar na aula para finalmente no mes de marzo editar un xornal con noticias propias do centro. Participan todo o profesorado e alumnado.
- Organización **IV Semana Solidaria de Teatro**. Cada aula escolle unha obra ou adaptación en lingua galega para representala ante os compañeiros e compañeiras, pais, nais e demais comunidade educativa. Participan todos os profesores e alumnado. As achegas económicas recadadas son doadas a institucións Sociais ou ONG da comarca.
- Conmemoración do **Día de Rosalía**. A actividade responde á realización de actividades literarias tendo en conta a data de nacemento da escritora. Neste curso continuaremos realizando a actividade titulada **“Roteiro Rosaliano en Compostela”**. Iniciase a ruta en Santiago de Compostela na praza de Rosalía de

Castro rematando a mesma no Panteón de Galegos Ilustres do Pobo Galego. Durante a ruta serán recitados textos literarios da escritora relacionados co lugar onde se atopan.

- Organización xunto co equipo da biblioteca de actividades de promoción e difusión da lingua escrita en galego a través de diferentes actividades como son **“V Concurso de Contos de Medo”** polo Samaín no mes de outubro, o **“V Certame de cartas de amor”** na Candeloria no mes de febreiro e **“V Quedada Literaria no Carboeiro”** no mes de abril. Esta última actividade faise en colaboración co CEIP de Sigüeiro.
- Celebración da **semana das Letras Galegas**. Propoñéndose diferentes actividades para realizar a personalidade destacada.
- **IV Certame de Entrevistas Radiofónicas** onde a actividade principal a realizar será o deseño dunha entrevista a persoeiros/as europeos relevantes. Os alumnos/as proporán un personaxe e planificarán as preguntas que máis lles interesen. Escollerase entre todas as propostas de entrevistas e invitarase o personaxe en cuestión para que poida ser entrevistado en Radio Ñ. A participación será voluntaria.
- Participación no proxecto documental integrado **“Proxecto 2050”** incidindo na difusión da lingua galega nas actividades de intercambio con outros centros tanto no ámbito local como internacional.
- Gravación de pequenas historias contadas polo alumnado na Radio Ñ ou en vídeo baseado no programa da TVG **“Historias no minuto”**, onde se conta de modo espontáneo unha pequena historia real vivida polo protagonista do relato.
- Colaboración coa campaña de reciclaxe do Concello “Troí” e coa ecotropa na reciclaxe e o consumo responsable no centro elaborando lemas en galego.
- Realización do **Roteiro polo Camiño Inglés** enmarcado no proxecto **“Mirando polo Camiño”** valorando o patrimonio etnográfico, cultural e artístico do camiño inglés. Editarase un folleto en galego para recoller toda a información que se precise para realizalo en formato dixital.
- Colaboración cos equipos de deporte e actividades extraescolares e complementarias na organización de xogos populares e outras actividades lúdicas en galego como o Samaín, Magosto, Nadal, Entroido, fin de curso.
- Realización de visitas a institucións próximas ao centro que conforman a realidade e a historia galega: concello, parlamento, museo do pobo galego, casa da Matanza en Padrón.
- Colaboración co equipo da biblioteca e o equipo TIC para revisar e actualizar os materiais didácticos en lingua galega de tipo bibliográfico, fonográfico, audiovisual e informático existentes no centro e contribuir ao fornecemento da biblioteca con libros de lectura e consulta escritos en lingua galega
- Colaboración co equipo da biblioteca organizando actividades de promoción e difusión da lingua galega a través de exposicións de traballos sobre diferentes temáticas: medo, amor, amizade..., creación de espazos literarios coa obra dos autores/as galegos/as, promoción dos “padriños e madriñas” lectoras, visitas de autores/as de relevancia para a lingua galega.
- Difundir as actividades do equipo de EDLG a través da páxina web do centro.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Realizarase unha avaliación inicial no mes de setembro para revisar e actualizar a situación lingüística do profesorado, alumnado, persoal non docente e pais/nais a través de enquisas. Os datos serán incluídos no proxecto de fomento do galego e cotexarase cos dos cursos pasados facendo unha valoración real do uso da lingua galega.

Previsese unha reunión semanal do equipo de EDLG, onde se fará un seguimento das actividades dinamizadoras propostas reflexionando sobre o grao de consecución dos obxectivos e a realización das actividades propostas, revisando e adecuando as expectativas, e de ser o caso, tomando nota das dificultades atopadas para propoñer as solucións sempre que sexa posible.

Ao remate do curso o equipo recollerá nunha memoria descritiva e gráfica os obxectivos e actividades logradas, as dificultades atopadas e as propostas de mellora para o vindeiro curso.

MATERIAS IMPARTIDAS EN GALEGO DURANTE O PRESENTE CURSO

EDUCACIÓN INFANTIL

LINGUA VEHICULAR	3 ANOS		4 ANOS		5 ANOS	
	A	B	A	B	A	B
Galego	X	--	X	X	X	--
Castelán						

EDUCACIÓN PRIMARIA

ÁREAS	1º		2º		3º		4º		5º		6º	
	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B	A	B
Lingua e literatura galega	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Ciencias Sociais	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Ciencias Naturais	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Lingua castelá e literatura												
Lingua estranxeira												
Educación artística Plástica												
Educación artística Música												
Educación física	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Matemáticas												
Relixión	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Valores sociais e cívicos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Programa Anual de Actividades Complementarias e Extraescolares

Todas as actividades complementarias que se realizan co alumnado en horario lectivo teñen carácter diferenciado polo momento, espazos e recursos que se vaian a utilizar. Ditas actividades estarán supeditadas á situación Covid-19 no curso 2020-2021.

Este curso non contaremos coas actividades que organizaba a ANPA CARBOEIRO pero si coas do Concello. Tampouco poderemos continuar coas asambleas dos venres que iniciamos o curso pasado, pero o alumnado e as familias poden participar aportando ideas e suxerencias na app PADLET.

Tentaremos continuar coa posta en marcha do Museo Escolar Pendeloque e voltaremos a fixar unha data para a súa inauguración.

Todas as actividades enmarcarémolas no " Proxecto2050".

Conmemoracións

magosto_ VII carreira	30 outubro
día contra violencia de xénero	25 novembro
nadal_ intercambio postais, amigo invisible	22 decembro
día da paz	29 xaneiro
día da candeloria	2 febreiro
entroido_ desfile pola vila	12 febreiro
día de Rosalía	24 febreiro
día da muller	8 marzo
semana da prensa	8-12 marzo
V semana do teatro	22-26 marzo

letras galegas	10-14 maio
saída de convivencia	18 xuño
día da bicicleta	21 xuño
fiesta de fin de curso_ III descenso Carboeiro, cerimonia de graduación, bocata xigante	22 xuño
viaxe fin de primaria	...

Haberá que repensar cada unha delas para enmarcarlas na nova situación provocada pola Covid-19 e en tanto se manteña.

Hai saídas que neste momento é difícil prever polo que as que non estean neste documento poderán contar coa aprobación provisional do equipo directivo ata unha definitiva en Consello Escolar. Pretendemos que o noso alumnado despois da súa escolarización no noso centro coñeza o máis relevante do seu arredor que poderíamos incluír en tres grupos:

- Coñecemento do Concello: Casa do Concello, Centro de Saúde, Centro de Reciclaxe, Centro de Día, empresas máis salientables (Puentes, Vegalsa, Televés, Gamesa,...).
- Coñecemento das principais institucións e centros artísticos cercanos: Parlamento de Galicia, Cidade da Cultura, Museo de Historia Natural, Casa das Ciencias, MUNCYT, Museo do Pobo Galego, CGAC, MACUF, MUPEGA,...
- Coñecemento das principais cidades ao noso alcance: Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra,...

Outros centros de interese específicos poden ser o coñecemento dos ríos do noso contorno, o Camiño Inglés, o IES de Oroso, algunha granxa-escola,...

Por outro lado, debemos aproveitar algunhas oportunidades específicas relacionadas coas actividades artísticas ou deportivas: cine, teatro, concertos, monicreques, competicións, encontros deportivos,...

Polo tanto as actividades dos distintos grupos se vertebrarán en torno a estes núcleos de interese.

Este curso tentaremos organizar saídas do primeiro grupo que nos acheguen a coñecer mellor a nosa contorna. No caso de que fose necesario transporte por ser unha actividade fóra da localidade, só poderán ir no autobús o mesmo grupo de convivencia.

Anteproxecto Económico

- ✓ Nas actividades fóra da localidade que impliquen transporte do alumnado en autobús, o alumnado aportará o diñeiro necesario así como para a entrada a espectáculos, visitas,...
- ✓ Para algunha actividade en particular: Magosto, Fin de Curso, Entroido,...; é posible que se pida unha aportación voluntaria ás familias.
- ✓ Os profesores/as organizadores de actividades deberán coordinarse coa Secretaria cando a actividade supoña algún cargo económico para o Centro.

Proposta de itinerario de actividades

	Centro de reciclaxe	Casa das Ciencias	Granxa-Escola
	Centro de Día	Museo de Historia Natural	A Coruña
	Casa do Concello	Cidade da Cultura	Lugo/ Pontevedra
	Centro de Saúde	MUNCYT/MACUF	Santiago
	Parroquias do Concello	Parlamento	Roteiro polo río
	Gamesa	Museo do Pobo /CGAG	IES de Oroso/Roteiro Camiño Inglés/Viaxe fin de primaria.

Actividades extraescolares

Escola de familias_ En colaboración coa ANPA Carboeiro e o Concello de Oroso, intentaremos enfocar a presente edición en educación para a saúde e educación dixital.

Sendeirismo "Ponte Ulloa"_ Outro ano máis intentaremos poñer en marcha esta iniciativa en colaboración coa Asociación Troitamundos.

Intentaremos manter a colaboración coa Academia Galega do Audiovisual na realización de novas propostas.

Concreción anual do Plan de convivencia

Segundo o informe anual da comisión de convivencia pódese considerar como boa a convivencia en xeral no centro cos matices que alí se describen.

Como resumo poderíase dicir que:

- Temos o Plan de convivencia actualizado e en funcionamento.
- A comunicación coas familias é cada vez máis directa a través dos medios tecnolóxicos postos en funcionamento. Durante este curso, as titorías e reunións serán preferentemente telemáticas.
- Non se presentan problemas disciplinarios de entidade.
- A participación das familias, profesorado e alumnado nas distintas actividades plantexadas é maioritaria. Debemos replantexar en tanto dure as restricións pola pandemia, este tipo de actividades conxuntas.
- Temos unha programación activa e estable de actividades en pro dunha mellora neste ámbito. (Ecotropa, Caracole, Escola de familias,...)
- O deporte forma parte fundamental deste traballo activo por unha mellor convivencia.

Durante este curso prestaremos especial atención a:

- A realización de actividades conxuntas nas que poñamos en funcionamento ferramentas tecnolóxicas como Padlet.
- Ás accións de posta en marcha do Plan de Igualdade.
- Propostas que melloren a convivencia entre o alumnado para paliar as restricións derivadas das aulas burbulla e do tempo de confinamento.

Adenda anual ao Plan de Igualdade

Unha vez aprobado este plan o curso pasado debemos facer un esforzo este curso para comezar a desenvolvelo.

Deste xeito:

- Nomearemos unha responsable en igualdade para o centro.
- Analizaremos cal é a situación real en canto ás actitudes da nosa comunidade.
- Relacionaremos este tema co proxecto común do curso, intentando facer proxeccións e propostas neste ámbito.

Plan anual do proxecto plurilingüe

No cadro dunha paulatina integración das linguas estranxeiras presentes no centro (inglés e francés, especialmente a primeira), ao longo do ano 2020/21 o equipo plurilingüe pretende acadar os seguintes obxectivos:

- Implantar o novo proxecto Erasmus+.
- Continuar coa hora de ler a todos os cursos de infantil e primaria.
- Seguir con francés como materia de libre configuración en 6º de EP.
- Facer presente a lingua inglesa nas diferentes actividades complementarias que se desenvolven no centro.
- Actualizar o taboleiro de plurilingüe con información sobre as actividades do Erasmus+, así como a páxina

web do centro.

Para o desenvolvemento dos devanditos obxectivos propóñense as actividades que se detallan a continuación:

- Erasmus+:
 - Intercambio do alumnado de 6º de primaria co alumnado dos centros socios.
 - Programas de radio relacionados co proxecto Erasmus+.
 - Realización de actividades de intercambio cos centros socios.

- A materia de plástica será impartida en inglés adaptada ao nivel e necesidades do alumnado.
- Participación nas actividades complementarias do centro:
 - Actividades de “Halloween” a nivel de aula.
 - Realización de “Christmas cards” polo Nadal.
 - Contribución á revista escolar *O Carboeiro*.
 - Participación en *Radio Ü*.
 - Celebración das festividades que vaian xurdindo ao longo do curso.

Plan anual de mellora do centro (Contratos-programa)

O centro elaborou un Plan de mellora tendo en consideración as necesidades e as liñas de identidade. Axustándose ás seguintes liñas de actuación e actividades:

- 1.a. Mellora da competencia matemática_Robótica en infantil.
- 1.b. Mellora da competencia en comunicación lingüística_Semana de teatro.
- 1.c. Mellora da competencia en ciencia e tecnoloxía_Hora TIC.
3. Iguala-T_Avaliación e Campaña
4. Convive_Ecotropa, Sendeirismo, Carreira, Descenso
5. Inclúe-T_Escola de familias, Asembleas, Patios dinámicos
6. Eduemociona_Bibliografía, Actividades, Formación
7. Excelencia_Radio, Xadrez, Obradoiro Cineclube, Robótica, SemGal
8. Xestión_Axendas
9. Actividade física_Torneos

Plan específico como consecuencia da avaliación individualizada

Dados os resultados obtidos na avaliación individualizada de sexto de educación primaria, os distintos órganos colexiados consideran que a baixa participación de alumnado non ofrecen datos relevantes a nivel global.

Plan Anual de Formación

O profesorado participa nas seguintes actividades de formación:

- ✓ Actividades do Plan Anual de Formación ou organizadas por outras entidades, que a nivel individual realiza o profesorado.
- ✓ Colaboramos coa Universidade de Coruña e Santiago na fase de prácticas de estudantes.
- ✓ Finalmente, implementarase un Plan de Formación deseñado polo centro que terá dous itinerarios un relacionado coa temática das novas tecnoloxías e outro coa formación en desenvolvemento do currículo de maneira competencial.

Programas de Innovación Educativa

Programa Edixgal

Durante este curso estará implantado en 5º e 6º de Educación Primaria.

Plan de Mellora de Bibliotecas

O centro participa por cuarto curso neste Plan co reto de adaptarse á situación actual e de contribuír ao desenvolvemento do proxecto 2050.

Erasmus +

Participamos de tres programas que temos que renovar durante este curso.

Rede de Centros Plurilingües

Con todos os cursos integrados, salvo 6º de EP que conta cunha sección bilingüe.

Plurinfantil

Coa hora de ler en inglés.

Caraocole

En principio non se pode poñer en marcha por falta de persoal colaborador. Estamos pendentes dalgunha reforma no seu funcionamento para poder poñelo de novo en marcha.

Atención á titoría en horario lectivo

Consiste na reserva dunha hora semanal de mañá no horario docente para que todas as familias poidan ser atendidas con calidade. Cada titor/a establecerá a maneira de facer as convocatorias de entrevistas.

Hora de proxecto

Durante este curso non se pode levar a cabo pero se o consideramos oportuno podemos dedicar unha hora semanal a traballar a través desta temática.

Ámbitos

O traballo por ámbitos aplazámolo alomenos ata que rematen as restriccións actuais.

Proxecto de Educación Dixital

Consiste na planificación e execución dun currículo de Educación Dixital dende infantil ata o final da primaria.

Contratos-Programa

O Centro solicitará un contrato-programa segundo as características do que xa houbo o curso pasado.

Programa ARCO

O centro solicitará o Programa Arco , solicitando prioritariamente unha persoa especialista en Pedagogía terapéutica.

Plan Proxecta

O profesorado participará en distintas actividades englobadas no Plan Proxecta.

Programas de Formación

O centro conta cun Plan de Formación.

Horario do persoal non docente

A coidadora ten o mesmo horario lectivo do centro.

O conserxe ten o seguinte horario:

Luns_ de 8:00 a 15:00 e de 16:00 a 18:30.

Martes, mércores, xoves e venres_ de 8:00 a 15:00.

Unha persoa de limpeza de luns a venres, de 10 a 14.

Plan de utilización das instalacións do centro

As instalacións do centro poñeranse ao servizo da comunidade educativa do centro tendo como condicións facer un uso responsable das mesmas, facerse cargo dos desperfectos que se puideran derivar dun mal uso, e cumprir as

medidas anti-Covid. O Concello utilizará as instalacións. Será prioritario o uso relacionado co baloncesto en base ao acordo chegado polo centro co Obradoiro CAB e o Concello de Oroso. Ver esquema adxunto. Falta por engadir as que finalmente organice a Asociación Cultural Buxos Verdes.

Plan de actividades extraescolares



ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2020_2021

Plan xeral de avaliación do centro

Avaliación Externa

- A través dos resultados da Avaliación Individualizada de 3º EP e de 6º EP.
- A través dun cuestionario ás familias sobre o grao de satisfacción sobre algúns aspectos a realizar a final de curso.

Avaliación Interna

- A través das memorias elaboradas polos distintos órganos e equipos en relación ao previsto nesta PXA.
- Facendo unha valoración dos resultados académicos do alumnado nas distintas sesións de avaliación.

Estas avaliacións previstas deben ser analizadas fundamentalmente pola CCP.

Esta Programación Xeral Anual foi aprobada nos aspectos correspondentes polo Claustro o 28 de setembro de 2020 e foi informada favorablemente polo Consello Escolar do Centro o 28 de setembro de 2020.

DIRECTOR

SECRETARIA

Asdo.: Francisco Ávila Sánchez

Asdo.: M^a Carmen Regueiro Sexto

Curso	Curso	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN
INFANTIL	Non se mercarán libros de texto					

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua
1º	Matemáticas	Varios	Mate +	Santillana	2020	978-84-680-5843-6	Castelán
	Lengua	Varios	(3)Cuadernos Lengua Castellana y Literatura	Edelvives	2014	978-84-263-9285-5	Castelán
						978-84-263-9286-2	
						978-84-263-9287-9	
	Lingua Sociais Naturais	Varios	Xuntos	Anaya	2014	978-84-678-4728-4	Galego
						978-84-678-4729-1	
						978-84-678-4730-7	
	Inglés	Cheryl Palin, Tamzin Thompson	Big Bright Ideas 1	Oxford University Press	2018	Class Book 9780194109338 Activity Book 9780194109321	Inglés
	Música	Sen texto					
Plástica	Sen texto						
Relixión	Sen texto						
Valores	Sen texto						

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua
2º	Matemáticas	Varios	Mate +	Santillana	2015	978-84-680-2545-2	Castelán
	Lengua	Varios	(3)Cuadernos Lengua Castellana y Literatura	Edelvives	2015	978-84-263-9582-5	Castelán
						978-84-263-9583-2	
						978-84-263-9584-9	
	Lingua Sociais Naturais	Varios	Xuntos	Anaya	2015	978-84-678-7717-5	Galego
						978-84-678-7718-2	
						978-84-678-7719-9	
	Inglés	Mary Charrington, Charlotte Covil, Cheryl Palin, Tamzin Thompson	Big Bright Ideas 2	Oxford University Press	2017 2018	Class Book 9780194109499 Activity Book 9780194109482	Inglés
	Música	Sen texto					
Plástica	Sen texto						
Relixión	Sen texto						
Valores	Sen texto						

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua
3º	Lingua	Varios	Lingua+	Santillana	2020	978-84-9185-2261	Galego
	Lengua	Varios	Lengua+	Santillana	2020	978-84-680-6251-8	Castelán
	Matemáticas	Varios	Matemáticas	Santillana	2018	978-84-141-1186-4	Castelán
	Sociais	Varios	Proxecto Zoom	Vicens Vives	2020	978-84-682-5208-7	Galego
	Naturais	Varios	Proxecto Zoom	Vicens Vives	2020	978-84-682-5071-7	Galego
	Inglés	Mary Charrington, Charlotte Covil, Cheryl Palin, Sarah Phillips	Big Bright Ideas 3	Oxford	2018	Class Book 9780194109604 Activity Book 9780194109598	Inglés
	Música	Sen texto					
	Plástica	Sen texto					
	Relixión	Sen texto					
	Valores	Sen texto					

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua
4º	Lingua	Varios	Lingua	Anaya	2015	978-84-678-8013-7	Galego
	Lengua	Sen texto					
	Matemáticas	Varios	Mate +	Santillana	2017	978-84-141-0530-6	Castelán
	Sociais	Sen texto					
	Naturais	Sen texto					
	Inglés	Sarah Phillips & Paul Shipton	Rooftops 4	Oxford		Activity Book 978-01-945-0352-5	Inglés
	Música	Sen texto					
	Plástica	Sen texto					
	Relixión	Sen texto					
	Valores	Sen texto					

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua
5º				Edixgal			
				Non ten libros de texto			

Curso	Materia	Autoría	Título	Editorial	Ano	ISBN	Lingua
6º				Edixgal			
				Non ten libros de texto			